

Quantas sabedes  
amar amigo

oratim cetero

**O**n deu domar de nupto  
le uictor meu amigo. & ar  
do se uictor cedo.

**M**indas se mar leuado.  
le uictor meu amado.  
e ap deo se uictor cedo.  
**S**e uictor meu amigo.  
o por que eu sospito.  
e ap deo se uictor cedo.  
e uictor meu amado.  
por que eu ignorido.  
e ap deo se uictor cedo.

lindado comigo o uen meu  
amigo. & uici modi a amigo.

emigo si mandado.  
e uictor meu amado.  
e uici made a amigo.

**C**a uen meu amigo.  
e uen san e uno.  
e uer made a amigo.

**C**a uen meu amado.  
e uen uno e uno.  
e uer made a amigo.

**C**a uen san e uno.  
e del mi amigo.  
e uici made a amigo.

**C**a uen amio a hua.  
e del mi primado.  
e uici made a amigo.

**I**ta pietas mea  
comigo. ala igreja de u.

**M**ar salido e muntemos las ondas.  
ala igreja de nupto u e o mar leuado.  
E muntemos las ondas.

**H**la igreja de nupto e o mar leuado.  
e uictor y uia madi co meu amado.  
E muntemos las ondas.

**H**la igreja de nupto u e o mar leuado.  
e uictor y uia madi co meu amigo.  
E uictor y uia madi co amado.

**H**e deo se fab oza mai  
amigo. comece sentencia esion

en amigo. e nou nametado.  
H e deo se fab oza meu amado.  
amigo en uio e nou nametado.

**C**omece sentencia en amigo.  
e nou nametado en amigo.  
E nou nametado.



## CANTAR DELAS

Nace en Lugo na primavera de 2007, froito da maduración dunha vella idea do seu presidente Julio Méndez e do seu director Fernando Gómez Jácome. Preséntase ao público da súa cidade nun concerto que se celebra na Igrexa de San Pedro, o 24 de maio de 2008. Neste mesmo ano

estrea a panxoliña, composta por Xoán Montes, "En Belén hai moita festa". Posteriormente organiza dous concertos anuais, primavera e outono. Ten assumido a preparación e interpretación de algúns concertos específicos, salientando o Stabat Mater, de Pergolesi, 1000 anos de música en Europa, Música Medieval e o de Cantigas de Alfonso X O Sabio e Martín Codax.

Desenvolveu cursos de técnica vocal dirixidos por Julio Domínguez, Aiblín Brito e Lola Bosom.

Nesta páxina web está a historia deste colectivo: [www.cantardelas.com](http://www.cantardelas.com)



## FERNANDO G. JÁCOME

Fernando G. Jácome dirixe o coro dende a súa fundación. Iniciado no mundo da música coral hai máis de trinta anos, ten formación como director de coro de man de importantes mestres nacionais e estranxeiros. Dirixe na cidade de Lugo varias agrupacións corais, todas baixo o denominador común de explorar o repertorio de autores galegos, especialmente lucenses.



Estas cantigas forman parte do rico patrimonio literario e musical da lírica medieval galega. Sitúanse cronoloxicamente no século XIII, época de esplendor da lírica galego-portuguesa, época da que conservamos cantigas profanas – de amigo, de amor e satíricas –, e cantigas relixiosas – *Cantigas de Santa María*.

O feito de seren tan escasos os testemuños de cantigas medievais galaico-portuguesas que chegaron aos nosos días confire ás cantigas de Codax un valor engadido. Estas cantigas - atopadas de casualidade, nun pergamiño medieval, polo libreiro Pedro Vindel en 1914 - están escritas no pentagrama cunha notación que, aínda que deja claro cales son as notas que conforman a melodía, non permite saber con exactitude cal é a duración destas notas. Este é o reto que nos propón o sistema de escritura musical usado a finais do século XIII, que abre á interpretación o ritmo que se ten que aplicar á melodía.

De calquera maneira estas cantigas, simples na forma e no estilo, parecen ter más relación coa música folclórica que coa música trobadoresca. Non debemos pasar por alto a teoría que relaciona estas composicións con melodías de autoría feminina interpretadas por mulleres, e relacionadas desde a antigüidade con labores agrícolas e ritos relixiosos, imitadas por trobadores e xogrades que suplantan a voz feminina tradicional. Deste xeito o trobeiro vigués Martín Codax sería o folclorista recompilador destes cantos de mulleres.

O caso é que hai quen di que estas cantigas teñen un auténtico recendo galego, comparable mesmo coa música de Montes, de Veiga, Marcial del Adalid...

Afonso X herdou do seu pai Fernando III a capela musical formada para entretenimento dos cortesáns. O rei sabio alentou a proliferación de trobadores na súa corte e el mesmo foi músico e trovador. A relación coas familias reinantes do sur de Francia, xa dende tempos de Guillermo IX, enriqueceu o ambiente musical da corte castelá.

O recentemente anexionado reino galego-leonés á coroa de Castela fixo que gran parte do territorio deste novo reino (fusionado no ano 1230 baixo o reinado de Fernando III) falase galego. Por outra parte, o que hoxe chamamos lírica galego-portuguesa, estaba en pleno apoxeo. Neste ambiente naceron as Cantigas de Santa María, que veñen sendo un grupo de máis de 400 composicións en honra á Virxe, compostas polos músicos da corte de Afonso X e polo propio rei.

Estas cantigas divídense en cantigas de loor e cantigas de narrativas ou de milagres. A primeira cantiga, a décima e todas as que constitúen múltiplos de dez denomínanse cantigas de loor, teñen carácter lírico e son oracións en honra á virxe. As outras cantigas narran cadanxe milagre. As melodías son sinxelas, silábicas e uniformes no plan formal. Constan dun refrán que dá pé a cada unha das estrofas.

En cada estrofa á súa vez hai unha frase musical que se repite trala que se reexpón a música do refrán. A forma musical é como a do virelai francés, que segue este esquema: A bba A bba.... A.

O ritmo presenta o mesmo problema que as cantigas de Codax - descoñécese a duración das notas - , e para resolvelo seguimos o traballo de Roberto Pla, segundo o cal debemos aplicarllles patróns rítmicos da métrica clásica, o que se pode traducir nos compases da notación musical actual.






## ÍNDICE

<i>Cantiga de Santa María LXXVII</i> .....	páx. 10
<i>Cantiga de Martín Codax I</i> .....	páx. 12
<i>Cantiga de Santa María CCXXVII</i> .....	páx. 13
<i>Cantiga de Santa María C</i> .....	páx. 16
<i>Cantiga de Martín Codax II</i> .....	páx. 18
<i>Cantiga de Santa María XXI</i> .....	páx. 20
<i>Cantiga de Santa María CIII</i> .....	páx. 23
<i>Cantiga de Martín Codax IV</i> .....	páx. 26
<i>Cantiga de Santa María CXL</i> .....	páx. 27
<i>Cantiga de Santa María CXI</i> .....	páx. 29
<i>Cantiga de Martín Codax V</i> .....	páx. 32
<i>Cantiga de Santa María CCXLIX</i> .....	páx. 33
<i>Cantiga de Santa María CLXVI</i> .....	páx. 35





**L**esta é como santa maria guarecen na  
sua eigría en Lugo búa moller que ama  
encollerens os pés e as mãos.

**A** que deus mamou leite  
de seu peito. non e maranilla de  
láar conterio. **D**este fez santa  
maria miragre tremoso. ena súa ei  
grianlugo grande piadoso. por búa  
moller que amá colleito. o mais de  
seu corpé de mal encollerio. **M**ique  
deus mamou leite **Q**ue ambalas su  
as mãos allí sencolleran. que len  
por calo dos ombros todas se mere-

ran. e os calcannares len en seu derreto.

se meteron todos no corpo maltreto.  
va que deus mamou leite do seu peito  
non e maranilla de láar conterio.

**P**ossum qüe non pstaua nulla messia  
tornousta a Santa maria a nobre reya  
rogantolle que non catasse despeito  
sell ela fezera. mas a seu prouecto.

va que deus mamou leite do seu peito  
non e maranilla de láar conterio.

**M**arase mées en guisa q. a guarecesse  
se non q. fezes alii p. q. ceda moreisse  
e logo se fezo levar a un Lépro. in  
anta súa eigría pequene e bresto.

va que deus mamou leite do seu peito  
non e maranilla de láar conterio  
ela ali iazendo fez muu lba - vida. e  
cres quell ouue mæce a senor apida

eno mes d'agosto no dia scollerto. in  
na súa festa grande como u retreto.

va que deus mamou leite do seu peito  
non e maranilla de láar conterio  
era agora per mi ea en aquele dia. e  
se fez meter na eigría de súa maria.

mas a Santa úgen noll alógo pito  
mas tornoulo corpo todo escoreto.

va que deus mamou leite do seu peito  
non e maranilla de láar conterio  
per ançollatal que ali u sáua. in  
esta un nébro p. si muu terri gestalaia

ben come madeira muu seca de reto. e  
quartos entendia o nervio oteiro. in

va que deus mamou leite do seu peito  
non e maranilla de láar conterio  
busx totaa gente deante e stando.

ueend aqüste oynce tempo chorando  
unon quemiragre foi i non trasgau  
por er de loaron a ungen a feito. in

## CANTIGA DE SANTA MARÍA LXXVII

*Esta LXXVII é como Santa María sãou  
na sa Ygreja de Santa María de Lugo  
hua moller contreita dos pees e das  
mãos.*

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é maravilla de sãar contreito.*

Desto fez Santa María miragre tremoso  
ena sa ygrej' en Lugo, grand' e piadoso,  
por ha moller que avia tolleito  
o mais de seu corp' e de mal encolleito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Que amba-las suas mãos assi s' encolleran,  
que ben per cabo dos onbros todas se meteran,  
e os calcannares ben en seu dereito  
se meteron todos no corpo maltreito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Pois viu que lle non prestava nulla meezinna,  
tornou-ss' a Santa María, a nobre Reynna,  
rogando-lle que non catasse despeyto  
se ll' ela fezera, mais a seu proveito  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Parasse mentes en guisa que a guareçesse,  
se non, que fezess' assi per que cedo morresse;  
e logo se fezo levar en un leito  
ant' a sa ygreja, pequen' e estreito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

*Esta é de como Santa María sandou  
na súa igrexa de Santa María de Lugo  
a unha muller contrafeita dos pés e  
das mans.*

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é marabilla que sande ao contrafeito.*

Disto fixo Santa María milagre fermoso  
na súa igrexa en Lugo, grande e piadoso,  
por unha muller que tiña tolleito  
a maior parte do seu corpo, e de mal encolleito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Que ámbalas súas mans tanto se encolleran,  
que ben por cerca dos seus ombreiros se meteran,  
e os calcañares, polo mesmo feito,  
se meteron todos no corpo maltreito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

En canto viu que non a sandaba ningunha menciña,  
volveuse a Santa María, a nobre Raíña,  
pregándolle que non mirase o despeito  
que ela lle fixera, senón o seu proveito;  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Que parase mentes nela de maneira que a sandase,  
se non, que fixese de xeito que cedo finase;  
e despoxio se fixo levar nun leito  
ante a súa igrexa, pequeno e estreito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

E ela ali jazendo fez mui bôa vida  
trões que ll' ouve merçee a Senhor conrida  
eno mes d' agosto, no dia 'scolleito,  
na sa festa grande, como vos retreito  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Será agora per min. Ca en aquele dia  
se fez meter na ygreja de Santa María;  
mais a Santa Virgen non alongou preyo,  
mas tomou-lí o corpo todo escorreyto.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Pero avo-lí atal que ali u sâava,  
cada un nembro per si mui de rig' estalava,  
ben come madeira mui seca de teito,  
quando ss' estendia o nervio odeito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

O bispo e toda a gente dean' estando,  
veend' aquest' e oynd' e de rijo chorando,  
viron que miragre foi e non trasgeito;  
porende loaron a Virgen afeito.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,*  
non é maravilla de sãar contreito.

E ela alí xacendo fixo moi boa vida  
ata que lle tivo a Señora a mercé cumprida  
no mes de agosto, no día sinalado,  
a súa festa grande, como contado  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Será agora por min. Que naquel día  
se fixo levar á igrexa de Santa María;  
pero a Santa Virxe non demorou o preito,  
senón que lle sandou todo o corpo desfeito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

E ocorreulle de xeito que alí onde sandaba,  
cada membro, por si, moi rexo estalaba,  
como a madeira moi seca do teito,  
cando se estendía o nervio encolleito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

O bispo e toda a xente diante estando,  
vendo isto e oíndo e fortemente chorando,  
viron que un milagre foi e non impostura,  
polo que loaron a Virxe a fartura.

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,*  
non é marabilla que sande ao contrafeito.

## CANTIGA I

Ondas do mar de Vigo,

se vistes meu amigo?

*E ai Deus!, se verra cedo?*

Ondas do mar de Vigo,

se vistes meu amigo?

*E ai Deus, se virá cedo?*

Ondas do mar levado,

se vistes meu amado?

*E ai Deus!, se verra cedo?*

Ondas do mar levantado,

se vistes o meu amado?

*E ai Deus se virá cedo?*

Se vistes meu amigo,

o por que eu sospiro?

*E ai Deus!, se verra cedo?*

Se vistes meu amigo,

por quen eu suspiro?

*E ai Deus se virá cedo?*

Se vistes meu amado,

por que ei gran coidado?

*E ai Deus!, se verra cedo?*

Se vistes o meu amado,

por quen teño gran coidado?

*E ai Deus se virá cedo?*



## CANTIGA DE SANTA MARÍA CCXXVII

*Como Santa María sacou un escudeiro de cativo de  
guisa que o non viron os que guardavan o carcer en  
que jazia.*

*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon,  
ben pode guiar os presos, pois o[s] saca de prijon.*

Esta é Santa Maria, Madre do Rei de vertude,  
que fez un mui gran miragre que creo, se Deus m'  
ajude,

e que sacou un cativo de prijon e deu saude,  
a que muito mal fezeran os mouros por sa razon.

*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

Este foi un escudeiro de Quintanelha d'Osonna,  
que ya a Vila-Sirga cada ano sen vergonna  
ter a festa d'Agosto; mais pois foi por sa besonha  
a Sevilla ena guerra, caeu en cativ' enton.  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

E en gran coita jazendo, cada noit' e cada dia  
mui de coraçon rogava a Virgen Santa María  
de Vila-Sirga, u ele ya semp' en romaria,  
que o tirass' de cativo sen dano e sen lijon.  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

E el aquesto fazendo, chegou d'Agosto a festa  
da Virgen mui gloriosa que aos cuitados presta,  
e el nenbrou-ss' end' e logo chorou, baixando a testa.  
E os mouros que o viron preguntáronlo entón  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

*Como Santa María liberou un escudeiro que estaba  
cativo de maneira que non o viron os que gardaban o  
cárcere en que permanecía.*

*Quen os pecadores guía e conduce á salvación,  
ben pode guiar os presos, pois os saca de prisión.*

Esta é Santa María, Madre do Rei de virtude,  
que fixo un moi gran milagre que creo, se Deus me axude,  
e quen liberou un cativo de prisión e deu saúde  
a quen moito mal fixeran os mouros pola súa razón.  
*Quen os peccadores guía e conduce á salvación...*

Este foi un escudeiro de Quintanelha de Osonna,  
que ía a Vila-Sirga cada ano sen vergoña  
celebrar a festa de Agosto; mais pois foi pola súa inexperiencia  
a Sevilla na guerra, e caeu cativo en prisión.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

E con gran pena estando, cada noite e cada día  
moi de corazón rogaba á Virxe Santa María  
de Vila-Sirga, a onde el ía sempre en romaría,  
que o liberase de preso sen daño e sen lesión.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

E estando el rezando, chegou de Agosto a festa  
da Virxe, moi gloriosa, que aos coitados presta,  
e el lembrouse diso e logo chorou, baixando a testa.  
E os mouros que o viron preguntáronlle entón  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

Por que siya tan trist' e tan muit' e assi chorava.  
E el respondeu-lles logo de como xe lle nenbrava  
da gran festa que fazian na terra u el morava  
en tal dia, e porende quebrava-ll' o coração.  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

Quand' oyu esto seu dono, foy tan brav' e tan yrado  
que logo a un seu mouro o fez açoutar privado,  
que lle deu d'açoutes tantos que non ficou no costado  
neno corpo coiro são ata eno vargallon.  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

Pois mandó-o en un carcer deitar fond' e tevoso;  
mas el rogou aa Virgen, Madre do Rey glorioso,  
que dele s'amerceasse, ca por ela tan astroso  
o fezeran a açoutes os mouros, e por al non.  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

E el aquesto dizendo, pareceu-ll' a Groriosa  
que alumou a carcer, tan muito vo fremosa,  
e disse-ll': «Oý ta coita e non fui mui vagarosa  
en vir pera lvrar-te da questa perseguçón.»  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

E quand' esto ouve dito, logo ss' os ferros partiron  
e caeu-ll' a meadade deles, que o non oyron;  
e passou perant' os mouros e viu-os, mas nono viron,  
que estavan assados por fazer sa oraçon.  
*Quen os peccadores guía e aduz a salvaçon...*

Por que estaba tan triste, e así tanto choraba.  
E el respondeulles logo de como se lle lembra  
a gran festa que facian na terra en que el moraba  
en tal día, e por iso quebráballe o corazón.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

Cando oíu isto o seu amo púxose tan bravo e tan irado,  
que logo a un mouro seu, mandou que o azoutase en  
privado,  
e deulle tantos azoutes que non ficou no costado  
nin no corpo coiro san, ata no vergallón.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

Despois mandou botalo nun cárcere fondo e tenebroso;  
mais el rogoulle á Virxe, Madre do Rei glorioso,  
que del se compadecese, que por ela tan desastroso  
o deixaran cos azoutes os mouros, non por outra cousa.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

E cando estaba dicindo isto, apareceuille a Gloriosa  
que alumeou o cárcere, tanto a viu fermosa,  
e díolle: "Oín a túa coita e non fun moi vagarosa en vir  
para liberarte desta persecución."  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

E despois de decir isto, pronto os ferros se partiron  
e caéronlle a maior parte deles, e non o óiron;  
e pasou diante dos mouros e viunos, mais a el non o  
viron,  
porque estaban axeonllados para facer a súa oración.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

E pois deles foi partido, filou en seu col' aga  
a mea[da]de dos ferros que ena perna tya,  
e a Vila-Sirga logo, a cas da Santa Reynna,  
os adus[s]' en testimöya, que é preto de Carron.  
*Quen os peccadores guia e aduz a salvaçon...*

E entrou pela ygreja, dando mui grandes braados,  
dizend': «Esto fez a Virgen que acorr' aos coitados.»  
e poi que contou seu feito a quantos y viu juntados,  
loaron Santa Maria, chorando con devoçon

*Quen os peccadores guia e aduz a salvaçon  
ben pode guiar os presos, pois o[s] saca de prijon.*

E despois de marchar de alí, tomou no seu colo axiña a  
metade dos ferros que na perna tiña,  
e a Vila- Sirga logo, a cas da Santa Raíña,  
levounos en testemuño, que é preto de Carrón.  
*Quen os pecadores guía e conduce á salvación...*

E entrou pola igrexa, dando moi grandes berros,  
dicindo: "Isto fixo a Virxe que acorre aos coitados"  
e despois de que contou o seu feito a cantos alí viu xuntados,  
loaron a Santa María, chorando con devoción.

*Quen os pecadores guía e conduce á salvación,  
ben pode guiar os presos, pois os saca de prisión.*



## **CANTIGA DE SANTA MARÍA C**

Esta é de loor.

Esta cantiga é de loor de Santa María.

*Santa María,  
Strela do dia,  
mostra-nos via  
pera Deus e nos guia.*

*Santa María,  
estrela do día,  
móstranos a vía  
cara a Deus, e nos guía.*

Ca veer faze-los errados  
que perder foran per pecados  
entender de que mui culpados  
son; mais per ti son perdoados  
da ousadia  
que lles fazia  
fazer folia  
mais que non deveria.  
*Santa Maria...*

Andamos no erro  
nos nosos pecados,  
ao borde do inferno,  
mais somos perdoados  
e non nos perdemos  
no peregrinar.  
Somos levantados  
da nosa ousadía  
de descarriar.  
*Santa María...*

Amostrar-nos deves carreira  
por gāar en toda maneira  
a sen par luz e verdadeira  
que tu dar-nos podes senlleira;  
ca Deus a ti a  
outorgaria  
e a querria  
por ti dar e daria.  
*Santa Maria...*


Móstranos carreira  
de ganancia certa  
con Deus. Ti senlleira  
es luz de guiar.  
Só ti co teu siso  
pos a porta aberta  
que nos dá Paraíso.  
*Santa María...*

Guiai ben nos pod' o teu siso  
mais ca ren pera Parayso  
u Deus ten senpre goy' e riso  
pora quen en el creer quiso;  
e prazer-m-ia  
se te prazia  
que foss' a mia  
alm' en tal compannia.

Gran pracer sería  
ir con tal compañía  
nesta romaría,  
na vía que gaña  
a paz celestial.

*Santa Maria,  
Strela do dia,  
mostra-nos via  
pera Deus e nos guia.*

*Santa María,  
estrella do día,  
móstranos a vía  
cara a Deus, e nos guía.*



## CANTIGA II

Mandad'ei comigo, ca ven meu amigo. E irei, madr' a Vigo	Mandado hei comigo que vén o meu amigo: (1) E irei madre a Vigo!
Comigo'ei mandado, ca ven meu amado. E irei, madr' a Vigo	Mandado hei comigo que vén o meu amado: E irei madre a Vigo!
Ca ven meu amigo e ven san' e vivo. E irei, madr' a Vigo	Que vén o meu amigo e vén san e vivo: E irei madre a Vigo!
Ca ven meu amado e ven viv' e sano. E irei, madr' a Vigo	Que vén o meu amado e vén vivo e san: E irei madre a Vigo!
Ca ven san' e vivo e d'el rei amigo E irei, madr' a Vigo	Que vén san e vivo e do rei amigo: (2) E irei madre a Vigo!
Ca ven viv' e sano e d'el rei privado. E irei, madr' a Vigo	Que vén vivo e san e do rei privado: E irei madre a Vigo!

(1) Chegoume o recado de que regresa o meu amigo

(2) O amigo rematou a servizo militar a El-Rei



## CANTIGA DE SANTA MARÍA XXI

Esta é como Santa Maria fez aver fillo a ha moller  
manya, e depois morreu-lle, e ressocitou-llo.

*Santa María pod' enfermos guarir  
quando xe quiser, e mortos resorgrir.*

Na que Deus seu Sant' Esperit' enviou,  
e que forma d'ome en ela fillou,  
non é maravilla se del gaannou  
vertude per que podess' esto comprir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Porend' un mirag' aquesta Rea  
santa fez mui grand' a ha mesqya  
moller, que con coita de que mana  
era, foi a ela un fillo pedir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Chorando dos ollos mui de coraçon,  
lle diss': «Ai Sennor, oe mia oraçon,  
e por ta mercee un fillo baron  
me dá, con que goy' e te possa servir.»  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Log' o que pediu lle foi outorgado,  
e pois a seu tenp' aquel fillo nado  
que a Santa María demandado  
ouve, calle non quis eno don falir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Esta é como Santa María fixo concibir un fillo a una  
muller estéril, e despois morreulle, e resucitouullo.

*Santa María pode enfermos curar  
cando ela quixer, e mortos resucitar.*

Na que Deus o seu Santo Espírito enviou,  
e que forma de home nela tomou,  
non é marabilla se del gañou  
virtude, pola que puidese isto lograr.  
*Santa María pode enfermos curar...*

Por isto un gran milagre esta Raíña  
Santa fixo, moi grande, a unha mociña,  
que con pena de que estéril  
era, foi a Ela un fillo rogar.  
*Santa María pode enfermos curar...*

Chorando dos ollos moi de corazón,  
dixolle: "Ai señora, oe a miña oración,  
e pola túa mercede un fillo varón  
dáme, con que goce e te poida honrar."  
*Santa María pode enfermos curar...*

Logo o que pediu lle foi outorgado,  
e ao seu tempo aquel fillo nado  
que a Santa María demandado  
houbo, que non quixo na petición fallar.  
*Santa María pode enfermos curar...*

Mas o men', a pouco pois que naceu,  
da forte fever mui cedo morreu;  
mas a madre per poucas ensandeceu  
por el, e sas faces fillou-ss' a carpir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Entón a cativa con gran quebranto  
ao mōesteir'o levou e ant' o  
altar o pos, fazendo tan gran chanto,  
que toda-las gentes fez a ssi vir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

E braandando começou a dizer:  
«Santa María, que me fuste fazer  
en dar-m' este fill' e logo mio toller,  
por que non podesse con ele goyar?  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Senñor, que de madre nome me déste,  
en toller-mio logo mal me fezeste;  
mas polo prazer que do teu ouveste  
Fillo, dá-m' este meu que veja riir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Ca tu soa es a que mio podes dar,  
e porend' a ti o venno demandar;  
onde, groriosa Senñor, sen tardar  
dá-mio vivo, que aja que ti gracir.»  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Mais o meniño ao pouco que naceu,  
dunha forte febre moi cedo morreu;  
mais a nai por pouco entoleceu  
por isto, e comezou a se lamentar.  
*Santa María pode enfermos curar...*

Entón a coitada con gran quebranto  
ao mosteiro levouno, e ante o  
altar púxoo, facendo tan gran pranto,  
que tódalas xentes fixo a ela achegar.  
*Santa María pode enfermos curar...*

E berrando comezou a dicir:  
"Santa María, que me fuches facer  
en darm'e este fillo e logo mo coller,  
para que non puidese con el gozar?  
*Santa María pode enfermos curar...*

Señora, que de nai nome me destes,  
en quitarmo logo, mal me fixestes;  
mais polo pracer que do teu Fillo tiveches,  
dáme o meu, que o vexa rir.  
*Santa María pode enfermos curar...*

Que ti soa es quen mo pode dar,  
e por iso a ti cho veño demandar;  
Gloriosa Señora, sen tardar  
dámolo vivo, que cho teña que agradecer."  
*Santa María pode enfermos curar...*

Log' a oraçon da moller oyda  
foi, e o meno tomou en vida  
por prazer da Virgen santa conprida,  
que o fez no leit' u jazia bolir.  
*Santa María pod' enfermos guarir...*

Quand' esto viu a moller, ouve pavor  
da primeir', e pois tornou-sse-l' en sabor;  
e deu poren graças a Nostro Sennor  
e a ssa Madre, porque a quis oyr.

*Santa María pod' enfermos guarir  
quando xe quiser, e mortos resorgir.*

Logo a oración da muller foi oída,  
e o meniño tornou á vida  
por pracer da Virxe, santa cumprida,  
que o fixo, no leito onde xacia, bulir.  
*Santa María pode enfermos curar...*

Cando isto viu a muller, tivo pavor  
ao principio, e despois tornóuselle en sabor;  
e deu por isto grazas a Noso Señor  
e á súa Madre, porque a quixo oír.

*Santa María pode enfermos curar  
cando ela quixer, e mortos resucitar.*



## CANTIGA DE SANTA MARÍA CIII

Como Santa Maria feze estar o monge trezentos anos  
ao canto da passarya, porque lle pedia que lle  
mostrasse qual era o ben que avian os que eran en  
Paraíso.

*Quena Virgen ben servirá  
a Parayso irá.*

E daquest' un gran milagre vos quer' eu ora contar,  
que fezo Santa Maria por un monge, que rogar  
ll'ia sempre que lle mostrasse qual ben en Paraíso á  
*Quena Virgen ben servirá...*

E que o viss' en ssa vida ante que fosse morrer.  
E porend' a Gloriosa vedes que lle foi fazer:  
fez-lo entrar en ha orta en que muitas vezes ja  
*Quena Virgen ben servirá...*

Entrara; mais aquel dia fez que ha font' achou  
mui clara e mui fremosa, e cab' ela s'assentou.  
E pois lavou mui ben sas mãos, diss': "Ai, Virgen, que  
será".

*Quena Virgen ben servirá...*

Se verei do Parayso, o que ch' eu muito pidi,  
algun pouco de seu viço ante que saya daqui,  
e que sábia do que ben obra que galardon averá?»

*Quena Virgen ben servirá...*

Tan toste que acababa ouv' o mong' a oraçon,  
oyu ha passarinha cantar log' en tan bon son,  
que sse escaeceu seendo e catando sempr' alá.

*Quena Virgen ben servirá...*

Esta é de como Santa María fixo estar o monxe  
trezentos anos óindo o canto dunha paxariña,  
porque lle pedía que lle mostrase cal era o ben que  
tiñan os que estaban no paraíso

*Quen á Virxe ben sirva  
ao Paraíso irá.*

E sobre isto un gran milagre quérovos eu agora contar,  
que fixo Santa María por un monxe, que lle ía rogar  
sempre para que lle mostrasse que bens no Paraíso  
haberá

*Quen á Virxe ben sirva...*

E pedírtle poder velo na súa vida, antes de morrer.  
E por iso mirade o que a Gloriosa lle foi facer:  
fixoo entrar nunha horta en que moitas veces xa  
*Quen á Virxe ben sirva...*

Entrara; pero aquel día fixo que unha fonte achase  
moi clara e fermosa, e que a carón dela sentase.  
E despois de que lavou as mans, dixo: "Ai, Virxe, cando  
será".

*Quen á Virxe ben sirva...*

Que verei do Paraíso, como eu tanto che pedín,  
un pouco da súa delicia antes de que saia de aquí,  
e que saiba, para o que ben obra, que galardón haberá"  
*Quen á Virxe ben sirva...*

Tan pronto como acabou o monxe a súa oración  
óiu un paxariño cantar en tan bo son,  
que se esqueceu, estando e mirando sempre alá.  
*Quen á Virxe ben sirva...*

Atan gran sabor avia daquel cant' e daquel lais,  
que grandes trezentos anos estevo assi, ou mays,  
cuidando que non estevera senon pouco, com' está

*Quena Virgen ben servirá...*

Mong' alga vez no ano, quando sal ao vergeu.  
Des i foi-ss' a passarynna, de que foi a el mui greu,  
e diz: «Eu daqui ir-me quero, ca oy mais comer querrá

*Quena Virgen ben servirá...*

O convent'.» E foi-sse logo e achou un gran portal  
que nunca vira, e disse: «Ai, Santa María, val!  
Non é est' o meu mōesteiro, pois de mi que se fará?»

*Quena Virgen ben servirá...*

Des i entrou na eigreja, e ouveron gran pavor  
os monges quando o viron, e demandou-lí o prior,  
dizend': «Amigo, vos quen sodes ou que buscades  
acá?»

*Quena Virgen ben servirá...*

Diss' el: «Busco meu abade, que agor' aqui leixey,  
e o prior e os frades, de que mi agora quitey  
quando fui a aquela orta; u seen quen mio dirá?»

*Quena Virgen ben servirá...*

Quand' est' oyu o abade, teve-o por de mal sen,  
e outrossi o convento; mais des que souberon ben  
de como fora este feyto, disseron: "Quen oyrá"

*Quena Virgen ben servirá...*

Tan gran gusto tiña de aquel canto e de aquel lais,  
que trescentos anos longos estivo así, ou más,  
pensando que non estivera más ca un pouco, como está

*Quen á Virxe ben sirva...*

Calquera monxe algunha vez ao ano, cando sae ao xardín.  
Despois marchou de alí a paxariña, e moita mágoa lle causou  
e dixo: "Eu teño que marchar de aquí que xa comer quererán

*Quen á Virxe ben sirva...*

O convento". E axiña marchou, e achou un gran portal  
que nunca vira, e dixo: "Ai, Santa María, venme axudar!  
Non é este o meu mosteiro, así que, comigo que pasará"

*Quen á Virxe ben sirva...*

Despois entrou na igrexa, e tiveron gran pavor  
os monxes cando o viron, e preguntoulle o prior,  
dicindo: "Amigo, vós quen sodes e que buscades acá?"

*Quen á Virxe ben sirva...*

Dixo el: "Busco o meu abade, que agora aquí deixei,  
e o prior dos frades, de quen agora me apartei  
cando fun a aquela horta; onde están, quen mo dirá?"

*Quen á Virxe ben sirva...*

Cando isto oiu o abade, tíooo por louco, e tamén os outros do  
convento; pero dende que ben soubo  
como fora este feito, dixerón: "Quen oirá"

*Quen á Virxe ben sirva...*

Nunca tan gran maravilla como Deus por este fez  
polo rogo de ssa Madre, Virgen santa de gran prez!  
E por aquesto a loemos; mais quena non loará

*Quena Virgen ben servirá...*

Mais d'outra cousa que seja? Ca, par Deus, gran dereit' é,  
pois quanto nos lle pedimos nos dá seu Fill', a la ffe,  
por ela, e aquí nos mostra o que nos depois dará».

*Quena Virgen ben servirá  
a Parayso irá.*

Nunca tal marabilla como Deus por este foi facer  
por mor do rogo da súa Madre?, Virxe Santa de gran  
prez! E por isto loémola; pero, quen non a loará

*Quen á Virxe ben sirva...*

Máis que a calquera outra cousa? Que, por Deus, moi  
xusto é, posto que canto nós lle pedimos nolo dá o seu  
Fillo, abofé, por Ela, e aquí nos mostra o que despois nos  
dará".

*Quen á Virxe ben sirva  
ao Paraíso irá.*



## CANTIGA IV

Ay Deus, se sab' ora meu amigo  
com' eu senneira estou en Vigo!  
*E vou namorada.*

Ai Deus, se sabe agora o meu amigo  
como eu soíña estou en Vigo!  
*E vou namorada!*

Ay Deus, se sab' ora meu amado  
com' eu en Vigo senneira manno!  
*E vou namorada.*

Ai Deus, se sabe agora o meu amado  
como eu en Vigo soíña estou!  
*E vou namorada!*

Com' eu senneira estou en Vigo,  
e nullas gardas non ei comigo!  
*E vou namorada.*

Como eu soíña estou en Vigo  
e ningunhas gardas teño comigo!  
*E vou namorada!*

Com' eu senneira en Vigo manho,  
e nullas gardas migo non trago!  
*E vou namorada.*

Como eu en Vigo soíña estou  
e ningunhas gardas comigo traio!  
*E vou namorada!*

E nullas gardas non ei comigo,  
ergas meus ollos que choran migo!  
*E vou namorada.*

E ningunhas gardas teño comigo  
salvo os meus ollos que choran comigo!  
*E vou namorada!*

E nullas gardas migo non trago,  
ergas meus ollos que choran ambos!  
*E vou namorada.*

E ningunhas gardas comigo non traio  
salvo os meus ollos que choran ambos!  
*E vou namorada!*



## CANTIGA DE SANTA MARÍA CXL

*De loor de Santa María.*

*Esta é de loor de Santa María*

*A Santa María dadas  
sejan loores onrradas.*

*A Santa María dadas  
sexan loores honradas*

Loemos a sa mesura,  
seu prez e ssa apostura  
e seu sen e ssa cordura  
mui mais ca cen mil vegadas.

*A Santa María dadas...*

Loemos a súa mesura,  
o seu prezo e a súa apostura,  
o seu sentido e a súa cordura  
cen mil veces reiteradas.

*A Santa María dadas...*

Loemos a ssa nobreza,  
sa ontra e ssa alteza,  
sa mercee e ssa franqueza  
e sas vertudes prezadas.

*A Santa María dadas...*

Loemos a súa nobreza,  
a súa honra e a súa alteza,  
a súa mercede e a súa franqueza,  
e as súas virtudes prezadas.

*A Santa María dadas...*

Loemos ssa lealdade,  
seu conort' e ssa bondade,  
seu accor' e ssa verdade  
con loores mui cantadas.

*A Santa María dadas...*

Loemos a súa lealdade,  
o seu conforto e a súa bondade,  
o seu socorro e a súa verdade  
con loores moi cantadas.

*A Santa María dadas...*

Loemos seu couimento,  
consell' e castigamento,  
seu ben, seu ensinamento  
e sass graças mui grāadas.

*A Santa María dadas...*

Loemos o seu procedemento,  
consello e castigamento,  
o seu ben, o seu ensinamento,  
as súas grazas moi granadas.

*A Santa María dadas...*

Loando-a, que nos valla  
lle roguemos na batalla  
do mundo que nos traballa,  
e do dem' a denodadas.

*A Santa Maria dadas  
sejan loores onrradas.*

Loándo que nos valla,  
lle roguemos na batalla  
do mundo, que nos traballa,  
e do demo, a denodadas. (1)

*A Santa María dadas  
sexan loores honradas*

(1) A cotío, continuamente.



## CANTIGA DE SANTA MARÍA CXI

*Esta é como un crerigo de missa que servia a Santa María morreu no rio que ven por París; e a tercer dia rressocító-o Santa María e sacó-o do rio.*

*Esta é como un clérigo de misa, que servía a Santa María, morreu no río que vén por París; e ao terceiro día resucitouno Santa María e sacouno do río.*

*En todo tempo faz ben  
a Virgen que nos manten.*

*En todo tempo fai ben  
a Virxe que nos mantén.*

Non á temp' assinaado  
por acorre-lo coitado  
nen perdoa-lo culpado,  
mais assi como ll' aven.  
*En todo tempo faz ben...*

Non hai tempo asinado  
para acorre-lo coitado  
nin perdoa-lo culpado  
mais así como lle convén.  
*En todo tempo fai ben...*

Dest' un miragre preçado  
vos será per mi mostrado  
que fez por un ordado  
a mui comprida de sen.  
*En todo tempo faz ben...*

Disto un milagre prezado  
vos será por min mostrado  
que fixo por un ordenado  
a moi cumprida de sen.  
*En todo tempo fai ben...*

De missa o malfadado  
era, mas por seu pecado  
a lussuria tan deitado,  
que non dava por al ren.  
*En todo tempo faz ben...*

De misa o malfadado  
era, mais polo seu pecado  
á luxuria tan deitado,  
que non daba por outra cousa ren.  
*En todo tempo fai ben...*

E pero de mui bon grado  
rezava muit' aficado  
as oras da que Deus nado  
foi por nos en Belleen.  
*En todo tempo faz ben...*

Pero de moi bo grado  
rezaba moi aficado  
ás horas en que Deus foi nado  
por nós en Belén.  
*En todo tempo fai ben...*

Ha noit' o desguisado  
foi fazer, e pois entrado  
ouv' en [un] barqu' e passad'o  
Sena, que por Paris ven.  
*En todo tempo faz ben...*

Unha noite o desaguisado  
foi facer, e pois entrado  
houbo nun barco e pasado  
o Sena, que por París vén.  
